

2023-2024

Abrazando a diversidade lingüística

CEIP PLURILINGÜE DE TENORIO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Contido

1.- TÍTULO DO PROXECTO.....	2
2.- INTRODUCCIÓN.....	2
2.1.- CONTEXTO. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	4
2.2.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....	5
3.- OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.....	6
3.1.- OBXECTIVOS A CURTO PRAZO.....	6
3.2.- OBXECTIVOS A LONGO PRAZO.....	6
4.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS.....	7
4.1.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A CURTO PRAZO.....	7
4.2.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A LONGO PRAZO.....	8
5.- ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA.....	8
6.- XESTIÓN E CALENDARIO.....	10
7.- RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....	12
7.1.- PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCIÓNS E TAREFAS DE CADA UNHA DAS PERSOAS IMPLICADAS.....	12
7.2.- ALUMNADO PARTICIPANTE (CURSO, NIVEL É NÚMERO).....	13
7.3.- OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	14
8.- RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....	14
9.- ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN.....	15
10.- COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS.....	16
11.- MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO.....	17
11.1.- ACCIÓNS, CANLES OU VÍAS, MEDIOS E FORMATOS.....	17
11.2.- ALCANCE (NO CENTRO: ENTRE O ALUMNADO E ENTRE O RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA; NA CONTORNA E/OU NOUTROS ESPAZOS).....	18
12.- PLAN DE AVALIACIÓN.....	18
12.1.- CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN.....	18
12.2.- IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	22



1- TÍTULO DO PROXECTO

Abrazando a diversidade lingüística

2- INTRODUCCIÓN

O Colexio público de educación infantil e primaria plurilingüe de Tenorio é un colexio rural situado na parroquia de Tenorio no concello de Cerdedo-Cotobade, e próximo á N-541. Tanto o alumnado coma o profesorado é externo, e o colexio ten xornada única de mañá.

O horario lectivo abrangue dende as nove e cuarto ata as dúas e cuarto da tarde.

Polo que atinxe ás actividades extraescolares, o seu horario é dende as catro ata as cinco da tarde.

Instituto ao que está adscrito: IES de Cotobade.

Situación socioeconómica e cultural da zona

O CEIP Plurilingüe de Tenorio está situado na parroquia de Tenorio, no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), a uns 10 quilómetros do centro da vila de Pontevedra.

Cerdedo-Cotobade sitúase ao leste da provincia de Pontevedra. Limita ao norte cos concellos da Estrada e Campo Lameiro, ao sur cos de Ponte Caldelas e A Lama, ao leste cos da Estrada, Forcarei e A Lama e ao oeste cos de Pontevedra e Campo Lameiro.

O municipio de Cerdedo-Cotobade está integrado na comarca de Pontevedra, e forma parte da recente mancomunidade Terras de Pontevedra, concibida para o desenvolvemento económico e turístico deste territorio.

A capitalidade do concello atópase no lugar da Chan, na parroquia de Carballedo, sen que o seu topónimo se corresponda co de ningunha entidade de poboación.

O Concello de Cerdedo-Cotobade ten unha extensión de 214,52 km², cunha poboación de 6.071 habitantes, agrupados en 21 parroquias.

O entorno onde se atopa o CEIP Plurilingüe de Tenorio é rural, cunha poboación dispersa en pequenos núcleos de poboación e cunha paisaxe onde abundan os ríos (o río Lérez, o río Almofrei...) e destacan as carballeiras. A zona é rica en restos arqueolóxicos como petróglifos ou minas romanas e é berce de afamados canteiros e gaiteiros.

A actividade económica que predomina na zona é principalmente o sector servizos.

O CEIP Plurilingüe de Tenorio relaciónase de forma positiva coas Institucións do seu entorno (concello, ANPA, comunidade de montes...).

A maior parte das familias do alumnado presenta un nivel socioeconómico e cultural medio. Predomina un tipo de familia nuclear. A familia adoita estar formada por un ou ambos os proxenitores e un ou varios fillos/as, e existe unha porcentaxe significativa de familias nas que ademais convive outro membro (avó, avoa...).

O modelo de vivenda por excelencia nesta zona é a casa unifamiliar con terreo.

Dende o punto de vista lingüístico, trátase dunha zona na que se usan habitualmente as dúas linguas oficiais, cunha tendencia a predominar o castelán.

O alumnado procede das parroquias dos arredores do centro educativo, e a maioría deles emprega o transporte escolar e o servizo de comedor que oferta o centro.

Por último, cabe facer especial mención das actividades extraescolares que se desenvolven no centro, que fan posible unha maior relación entre nenos/as, xa que moitos non teñen compañeiros da súa idade nas zonas nas que viven.

2.1- CONTEXTO. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Partindo da base de que o ensino debe fomentar actitudes positivas cara ao uso da lingua propia de Galicia, debe ser instrumento para o cambio social e desterrar os prexuízos existentes nalgúns sectores cara ao uso do galego, analizamos a nosa situación concreta no centro, para poder ofrecer unha actuación máis adaptada ás necesidades que se nos presentan.

As linguas empregadas son o galego e o castelán, mais predomina o galego no ámbito familiar. A maioría do alumnado que se matricula por primeira vez neste centro comprende bastante o galego, aínda que non o fale correctamente nin se defende con naturalidade no seu uso oral.

O profesorado do centro exprésase indistintamente en ambas as linguas e a súa actitude é altamente satisfactoria no que respecta ao uso do galego na docencia e na relación fóra das aulas e co resto da comunidade. Ademais das materias obrigatorias por lei, impártese en galego Educación Física. As materias de libre configuración do centro reforzarán e fomentarán o uso da lingua galega. O persoal de servizos emprega o galego con asiduidade.

As estatísticas realizadas revelan un contorno con similar presenza das dúas linguas. No entanto, constatamos que as familias e o profesorado teñen unha actitude positiva cara ao uso do galego, mentres que o alumnado emprega o castelán como lingua habitual. Referente ao alumnado, atopámonos cun escaso uso do galego tanto a nivel escrito como a nivel oral. Aínda así, a actitude do alumnado é moi favorable cando participa en actividades de diversa índole, e non se observan prexuízos negativos cara ao galego. En canto á avaliación do alumnado, hai establecidos criterios de promoción similares para o castelán e o galego, o que favorece a comprensión das estruturas do idioma e o

establecemento de nexos entre ambas as linguas, castelán e galego. A pesar disto, percíbese unha maior presenza do castelán nas relacións entre iguais dende os primeiros cursos de Infantil, por iso é necesario fomentar o uso do galego en diversas actividades (contacontos, festivais, diferentes traballos, e sobre todo nas relacións normais entre profesorado e alumnado).

O EDLG constata que a nivel administrativo, neste centro, se emprega o galego como lingua vehicular tanto cos organismos oficiais coma co resto da comunidade educativa. Asemade, a metade dos entrevistados consideran satisfactorio o fomento e uso que se fai do galego a través da biblioteca escolar, tecnoloxías da información e actividades complementarias.

2.2- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Seguindo a Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a participación en proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso académico 2023/2024, o CEIP Plurilingüe de Tenorio presenta este proxecto de innovación, en coherencia coa programación do EDLG aprobada para o curso 2023-24 no programa xeral anual.

Neste proxecto desenvolvemos en primeiro lugar unha análise da situación da lingua galega na nosa contorna; para isto, seguimos tres puntos de referencia básicos: a análise da situación do profesorado, do alumnado e do centro en xeral. A continuación presentamos os obxectivos xerais que se pretenden acadar coa posta en marcha do proxecto; estes obxectivos xerais serán concretados nas actividades que se van realizar e que tamén aparecen especificadas.

Ao longo do curso iremos concretando as nosas actuacións, que agora se perfilan como intencións neste proxecto e que terán continuidade en vindeiros cursos académicos.

3.- OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.1- OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

- Fomentar o uso do galego no alumnado e profesorado a través dos talleres.
- Coñecer diferentes culturas, costumes e linguas.
- Promover e valorar o galego como lingua propia.
- Interactuar con outras comunidades lingüísticas, valorando a lingua como elemento de identidade.
- Dar a coñecer entre a comunidade escolar a obra de Luísa Villalta, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano 2024.

3.2- OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

- Fomentar a colaboración no proceso de normalización lingüística coas entidades sociais e educativas relacionadas co centro.
- Concienciar as familias da importancia da transmisión da lingua propia implicándoas nas actividades do centro.
- Favorecer a comunicación e interacción do profesorado dos distintos centros, potenciando a interculturalidade e diversidade lingüística.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como marco de difusión universal da nosa lingua.
- Mellorar a competencia lingüística do profesorado.



- Potenciar o emprego do galego por parte de todo o alumnado do centro e mellorar a súa competencia lingüística.
- Empregar o galego como lingua de comunicación co alumnado doutros centros.

4- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS.

4.1- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A CURTO PRAZO

- **Creación de talleres multiculturais**, nos que se afondará, dende diferentes perspectivas, en distintos aspectos da cultura dunha serie de países elixidos, ao tempo que se porá en valor a transcendencia dunha sociedade democrática, plural e intercultural.
- **Comunicación con outros centros do mundo**, primeiro a nivel de centro e, unha vez establecida a relación, a través da interacción do alumnado.
- Establecemento de **xornadas gastronómicas do mundo** en colaboración co comedor escolar, de xeito que un día ao mes o alumnado deguste pratos típicos doutras culturas.

4.2- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A LONGO PRAZO

- Continuidade no tempo do traballo por talleres.
- Continuidade da comunicación entre centros doutros países.
- Ampliación das propostas de traballo intercultural, posibilidade de realizar unha xuntanza con alumnado dos centros de Portugal cos que establecemos comunicación.

5- ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Creación dos talleres multiculturais: un día á semana, o alumnado traballará organizado do seguinte xeito:

A totalidade das alumnas e alumnos do centro foi dividida en oito grupos internivel. Optamos por estes agrupamentos porque cremos que teñen numerosos beneficios, tanto para o desenvolvemento competencial como para o persoal e social.

A cada grupo foille asignado un país. Estes elixíronse tendo en conta os vínculos da comunidade educativa para valorar a posibilidade de contactar con algún centro educativo e establecer unha comunicación, tanto a nivel de profesorado como de alumnado. Os países elixidos foron China, Etiopía, Exipto, Australia, Canadá, India, Italia e México.

Creáronse, simultaneamente, oito talleres coordinados polos mestres. Estes foron sobre luz nocturna, robótica, 3D-Chapas, fotografía, radio, cine-televisión, cociña e lettering e arte.

En cada taller trabállanse diferentes aspectos da cultura dos países elixidos:

- **Luz nocturna:** trazos culturais, festas, celebracións. Neste taller o alumnado coñece máis sobre as festas, lendas e tradicións populares do país, e fanse representacións delas empregando pinturas fluorescentes que destacan na luz nocturna.
- **Robótica:** traballárase a xeografía dos diferentes países empregando recursos como os robots TRUE-TRUE, as placas TECLA-TECLA e MICROBIT, os MBOTS etc., cos que aprenderán os principios básicos da programación e descubrirán as funcionalidades dos materiais tecnolóxicos.



- **3D -chapas:** estudaranse as distintas construcións dos diferentes países. Elaboraranse maquetas en tres dimensións con materiais de refugallo, crearanse figuriñas empregando a impresora 3D do polo creativo, así como outros elementos co lapis 3D e bloques de construción. Tamén se crearán chapas personalizadas.
- **Fotografía:** con ela abordarase a flora dos diferentes países e a súa representación co emprego de varias técnicas, mentres se estuda e practica transversalmente a fotografía experimental.
- **Radio:** neste taller traballarase cos datos xerais dos países como localización, número de habitantes, linguas que se falan, curiosidades etc., ao tempo que se elabora un compendio das experiencias vividas nos outros talleres, potenciando a expresión oral en lingua galega.
- **Cine-televisión:** abordarase as danzas e bailes máis representativos das culturas dos países elixidos, ao mesmo tempo que se organiza a gravación dun set televisivo, con todos os roles ben definidos.
- **Cociña:** o alumnado elaborará pratos típicos da gastronomía de cada un dos países, de xeito que coñecerán novos sabores e texturas e porán en valor outras culturas.
- **Arte e Lettering:** co alumnado abordaremos as pinturas e esculturas máis representativas de cada país, así como as moedas e outros aspectos artísticos que poidan ir xurdindo.

A dinámica é a seguinte: cada país está en cada obradoiro durante tres semanas e despois rota ao seguinte; e así sucesivamente ata que todos os grupos pasan por todos os obradoiros. Seguindo esta planificación, realizaranse talleres durante todo o curso ata o mes de maio.

Unha vez rematados os obradoiros, desenvolverase unha **semana temática de Portugal** na que cada grupo, no taller no que comezou, realizará unha xornada especial sobre este país. Nela, ademais de traballar os diferentes aspectos xa

mencionados anteriormente, incidiremos especialmente nos vínculos tanto lingüísticos como culturais que compartimos co país veciño, e, dado o seu recoñecemento entre os lusófonos, aproveitaremos para traballar a figura de Luísa Villalta, autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.

O resto do mes de maio e principios de xuño dedicarase a preparar a **Gran Feira Intercultural de fin de curso**, na que se exporán de maneira interactiva todos os traballos para o conxunto da comunidade educativa.

Comunicación con outros centros educativos: paralelamente ao que se realice nos talleres, elaborárase, a nivel de centro, unha carta de presentación para **tecer lazos de unión de Tenorio para o mundo**. Unha vez obtida a resposta, iniciaremos unha correspondencia na que intercambiaremos informacións sobre a nosa contorna, a nosa lingua, e compartiremos os traballos realizados sobre a súa cultura nos nosos talleres, ao tempo que os convidaremos a coñecer un pouco máis do noso centro e, particularmente, da nosa lingua.

Trátase, pois, dunha proposta ambiciosa pero moi completa na que ademais de desenvolver moitas das competencias curriculares e contidos transversais, fomentamos e potenciamos o uso e valoración do galego.

A metodoloxía empregada é fundamentalmente dinámica, participativa e destinada a potenciar as aprendizaxes competenciais e significativas.

6- XESTIÓN E CALENDARIO

Como xa se indicou con anterioridade, o proxecto está deseñado para ser desenvolto durante todo o curso escolar. Deste xeito, establecemos a seguinte temporalización:



1º TRIMESTRE

- Formación dos equipos de traballo das mestras e mestres.
- Selección dos países que se van desenvolver.
- Organización dos obradoiros e temporalización das actividades.
- Formación dos grupos internivel.
- Inicio dos obradoiros.
- Formación do equipo de redacción e tradución das cartas para os outros países.

2º TRIMESTRE

- Continuidade do traballo nos obradoiros.
- Inicio das comunicacións con outros centros.

3º TRIMESTRE

- Remate dos obradoiros.
- Semana temática de Portugal.
- Organización da Feira Intercultural de Fin de Curso.
- Interacción entre o noso alumnado e o doutros centros do mundo.
- Gran Feira Intercultural de Fin de Curso.



7- RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

7.1- PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCIÓNS E TAREFAS DE CADA UNHA DAS PERSOAS IMPLICADAS.

NOME E APELIDOS	CARGO	FUNCIÓNS NO PROXECTO
Ana María Fragueiro Blanco	titora de educación primaria	coorganizadora do taller de robótica
Hugo de Castro Vidal	coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares	coorganizador do taller de radio
Marcos Fernández Blanco	mestre de educación infantil	coorganizador do taller de 3D-chapas
M ^a del Pilar Martínez Martínez	mestra de apoio de educación infantil	coorganizadora do taller de arte-lettering
M ^a Montserrat González Coello	mestra de educación primaria	coorganizadora do taller de arte-lettering
Adriana Ferreira Reboredo	encargada da Biblioteca Escolar	coorganizadora do taller de luz nocturna
Lucía Cancela Piñón	coordinadora de Polos Creativos	coorganizadora do taller de luz nocturna
Margarita Outón Argibay	mestra de educación primaria	coorganizadora do taller de cine-televisión
Tamara Pereiras Villamayor	titora de educación primaria e xefa de estudos	coorganizadora do taller de 3D-chapas e xestora das comunicacións con



		outros centros
José Alberto Portela García	director	coorganizador do taller de robótica e xestor das comunicacións con outros centros
Ana Porto Magariños	mestra de Pedagogía Terapéutica e secretaria	coorganizadora do taller de fotografía
José Carlos Taboada Argibay	titor de educación primaria	coorganizador do taller de radio
Mª Belén Treviño Rey	coordinadora das seccións bilingües	coorganizadora do taller de cine-televisión
Purificación Esperanza Ruibal Silva	titora do terceiro ciclo	coorganizadora do taller de fotografía
María Pilar Sánchez-Agustino Rodríguez	mestra de Audición e Linguaxe	coorganizadora do taller de cociña
Sonia Pazos Penela	orientadora	coorganizadora do taller de cociña
Pilar Gesteira Sieiro	mestra de Relixión	persoa de apoio para os talleres

7.2- ALUMNADO PARTICIPANTE (CURSO, NIVEL E NÚMERO)

Participará todo o alumnado do centro:

- 4º de educación infantil: 13 alumnos/as
- 5º de educación infantil: 16 alumnos/as
- 6º de educación infantil: 16 alumnos/as



- 1º de educación primaria: 14 alumnos/as
- 2º de educación primaria: 18 alumnos/as
- 3º de educación primaria: 18 alumnos/as
- 4º de educación primaria: 18 alumnos/as
- 5º de educación primaria: 14 alumnos/as
- 6º de educación primaria: 8 alumnos/as

7.3- OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O centro caracterízase por establecer vínculos con todos os membros da comunidade educativa, mesmo contamos coa colaboración constante da ANPA. Tamén é de destacar a participación ou colaboración das familias nos diferentes eventos organizados polo centro, dende as actividades propostas a través da Biblioteca Escolar ata os festivais.

Tamén se implican as familias coa participación nos contacontos ao alumnado, así como coa creación dun grupo de teatro entre adultos vinculados ao colexio.

Por último, cómpre destacarmos a boa disposición do persoal de cociña para intervir neste e noutros proxectos, sempre dispostos a axudar no que precisemos.

8- RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

- Materiais para os diferentes obradoiros:

- Fotografía: cámaras fotográficas, bastidores, follas de papel de cebola, material para a cianotipia, fíos e teas etc.
- Cine e televisión: croma, set de gravación (cámara de vídeo, micro, ordenador etc.), alt falantes...



-Cociña: forno, microondas, utensilios de cociña, ingredientes necesarios para as diferentes receitas...

-Luz nocturna: focos de luz nocturna, papel continuo, témpera e outras pinturas fluorescentes etc.

-3D-chapas: material de refugallo para as maquetas, pinturas, barro, plastilina e outros materiais moldeables, lapis 3D, impresora 3D, filamento PLA, xogos de construción, máquina de chapas, consumibles das chapas e outros materiais funxibles como cartolinas, cores, pinturas etc.

-Robótica: impresións tamaño A0 da cartografía dos diferentes países, robots True True, Beebot e Mbot; placas Microbit, Tecla-Tecla e Touchboard, pantalla dixital interactiva, xogo tipo Kappla, ordenadores e tabletas.

-Radio: equipo de radio, tabletas, gravadoras, material funxible como folios, lapis, cores...

-Arte e lettering: cartolinas, folios, cores, arxila, rotuladores de lettering, papeis de gramaxe adecuada para as prácticas...

Para todos os talleres, así como para o intercambio de comunicacións, precisaranse selos e certificación das cartas; fotocopias e impresións de materiais, plastificación e encadernación etc.

Así mesmo, tamén se empregarán os ordenadores e proxectores, o servizo de megafonía e todo o mobiliario dispoñible no centro para as diferentes propostas.



9- ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

Placa Touchboard	200 €
Alimentos para o taller de cociña	200 €
Utensilios de cociña	70 €
Consumibles para chapas	100 €
Focos de luz nocturna	300 €
Material funxible	1000 €
Material cianotipia	70 €
Fotocopias e impresións	200 €
Selos e certificación de correo	60 €
TOTAL	2.200 €

Todo o material aquí solicitado forma parte do desenvolvemento do proxecto, tanto para a súa elaboración como para a súa divulgación.

10- COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

O centro participa, dende hai xa oito anos, no programa Cinema en Curso, un proxecto no que o alumnado, dirixido por unha cineasta profesional, elabora unha película documental en galego que logo presenta a outros centros de

España e que se divulga por todo o mundo. É por iso polo que mantemos unha importante relación coa asociación catalá A Bao A Qu.

Este ano, ademais de participar no proxecto, establecemos unha comunicación co alumnado dun centro de Torrelameu, co que temos previsto celebrar unha convivencia en xuño en San Sebastián, onde o alumnado presentará a súa película.

Esta é unha inmejorable ocasión para dar a coñecer e poñer en valor o noso idioma entre o alumnado doutras comunidades.

Así mesmo, colaboramos co concello na preparación da loxística dalgunhas das actividades, así como para a divulgación do noso proxecto.

E, evidentemente, coa ANPA do centro educativo, coa que existe unha relación moi estreita de colaboración mutua, pois está presente en moitos dos actos nos que o centro precisa de axuda, e viceversa.

Por último, como xa se dixo anteriormente, establecerase comunicación con escolas dos oito países xa mencionados, así como de Portugal.

11- MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

11.1- ACCIÓNS, CANLES OU VÍAS, MEDIOS E FORMATOS

A transmisión de todo tipo de información implica o cumprimento do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

A páxina web do centro é o espazo de recollida de todo o relacionado coas producións elaboradas; así mesmo, é visitada con frecuencia polas familias e o resto da comunidade educativa.

Seguindo coas ferramentas corporativas, o espazo Abalar convértese no medio de transmisión de comunicación diaria das familias co centro, e viceversa; é pois o vínculo de unión informativa que se emprega a diario.

Tamén existen outras dúas canles informativas non corporativas, como son WhatsApp e Telegram. En ambas as dúas canles soamente se transmite información dos eventos que se van celebrar, así como determinados produtos finais, pero sen establecer comunicación directa cos inscritos nesas canles do centro.

Ademais, durante este curso estreámonos nas redes, polo que a través das contas de Instagram, Facebook e X (antigo Twitter) difundiranse os diferentes traballos e avances deste proxecto.

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiptenorio/>

E ao mesmo tempo, tamén se utiliza a aula virtual do centro, na que o alumnado pode recoller os diferentes retos que saian dende a Biblioteca Escolar, ou do Equipo de Dinamización Lingüística, xa que todos/as están matriculados nos mencionados cursos.

11.2- ALCANCE: NO CENTRO, ENTRE O ALUMNADO E ENTRE O RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA; NA CONTORNA E/OU NOUTROS ESPAZOS

Promoverase o coñecemento do proxecto entre os membros da comunidade escolar e favorecerase a súa implicación a través do plan de difusión fomentando un proxecto inclusivo e intercultural.

- Presentación ao Claustro e Consello Escolar
- Difusión entre o alumnado do noso centro
- Difusión entre as familias



- Comunicación con outros centros da contorna, do país e do resto do mundo
- Creación dunha feira intercultural de fin de curso na que toda a comunidade poida interactuar con diversos elementos dos diferentes países
- Establecemento de vínculos de unión con outros centros do mundo e apertura a posibles colaboracións en cursos vindeiros.

12- PLAN DE AVALIACIÓN

12.1- CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN

Estableceremos uns indicadores baseándonos nos obxectivos propostos

Obxectivo 1: Fomentar o uso do galego no alumnado e profesorado a través dos talleres						
Actuación 1	Empregar o galego en todos os talleres e actividades relacionadas					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	O 100 % das actividades dos talleres desenvolverase en galego					
Resultados						
Recursos e materiais	Recursos materiais para o desenvolvemento dos distintos talleres					
Responsables	Titores/as e coordinadores das actividades correspondentes					
Propostas de mellora						
Actuación 2	Coñecer diferentes culturas, costumes e linguas					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	O 100 % do alumnado adquiriu coñecementos de diferente tipo (lingua, cultura, costumes...) do país do seu grupo					



Resultados	
Recursos e materiais	Recursos materiais para o desenvolvemento dos distintos talleres
Responsables	Titores/as e coordinadores das actividades correspondentes
Propostas de mellora	

Obxectivo 2: Interactuar con outras comunidades lingüísticas, valorando a lingua como elemento de identidade

Actuación 1	Promover o uso do galego e a súa posta en valor a través da interacción con outras comunidades, de xeito que a lingua se converta nun elemento identitario para o alumnado					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	O 100 % do alumnado identifica e valora o galego como lingua propia					
Resultados						
Recursos e materiais	Material funxible, recursos tecnolóxicos					
Responsables	Titores/as e coordinadores das actividades correspondentes					
Propostas de mellora						
Actuación 2	Probar pratos doutras culturas, valorando a gastronomía doutros países					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	Máis do 90 % do alumnado do comedor proba e valora a comida doutras culturas					
Resultados						
Recursos e materiais	Alimentos					
Responsables	Persoal responsable do comedor, equipo do comedor					



Propostas de mellora

Obxectivo 3: promover e valorar o galego como lingua propia

Actuación 1	Valorar o galego como parte da nosa cultura e empregalo de xeito habitual nas relacións interpersoais					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	Uso da lingua galega no 80 % das comunicacións					
Resultados						
Recursos e materiais	Material audiovisual					
Responsables	Titores/as e coordinadores das actividades correspondentes					
Propostas de mellora						
Actuación 2	Empregar a lingua galega no proceso de elaboración e comunicación entre o alumnado participante nos talleres					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	O 75 % do alumnado comunícase en galego durante o transcurso dos talleres					
Resultados						
Recursos e materiais	Material audiovisual					
Responsables	Titores/as e coordinadores das actividades correspondentes					
Propostas de mellora						



Obxectivo 4: Dar a coñecer entre a comunidade escolar a obra da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024, Luísa Villalta

Actuación 1	Empregar a Semana Temática de Portugal para dar a coñecer a figura de Luísa Villalta, país onde a súa obra tamén é coñecida					
	Temporalización			Grao de consecución		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☒	☐ Conseguido	☐ Parcialmente	☐ Non conseguido
Indicador	O 100 % do alumnado reconece a Luísa Villalta como persoa enriquecedora da nosa lingua e cultura					
Resultados						
Recursos e materiais	Material audiovisual e funxible					
Responsables	Titores/as e coordinadores das actividades correspondentes					
Propostas de mellora						

12.2- IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA

Con todas as medidas deseñadas ao longo do proxecto, búscase establecer unha relación máis próxima do alumnado coa nosa lingua e, a partir dese vínculo, provocar a participación das familias na mesma dinámica.

Pretendemos que o alumnado entenda a lingua galega como unha parte da súa cultura e da súa identidade persoal, de xeito que, á hora de expresarse e explicarlle ao alumnado doutras partes do mundo aspectos relevantes sobre o seu contexto máis próximo, teña en conta o galego como un trazo característico.



Cremos que todo isto porá en valor o recoñecemento do uso do galego, facendo partícipes ás familias e ao resto da comunidade educativa.

Así mesmo, agardamos que este proxecto sirva para abrir unha pequena ventá ao mundo que nos permita establecer lazos de unión e futuras colaboracións con outros centros que xiren arredor do respecto, a interculturalidade e a posta en valor da lingua.